

Dña. Teresa Villaverde Pais
Alcaldesa do Concello
Concello de Lousame
Portobravo, 1
15214 Lousame (A Coruña)

Santiago, 21 de febreiro de 2019

Estimada Sra. Villaverde,

A nova Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), que integra o traballo do Centro de Transfusión de Galicia, subministra compoñentes sanguíneos a todos os hospitais de Galicia. Cada día, as doazóns de sangue recollidas nos locais de doazón e nas 10 unidades móbiles que percorren os concellos galegos envíanse ás dependencias de ADOS para o seu procesamento, análise e conservación. Establécese con cada hospital unhas reservas de seguridade de cada grupo sanguíneo e, diariamente, envíanse os compoñentes sanguíneos que precisan para a súa actividade asistencial programada e facer fronte ás urxencias.

Unha destas unidades móbiles desprazarase ata **Lousame**, polo que solicitamos o permiso de aparcamento e a colaboración do seu Concello.

LOUSAME UNIDADE MÓBIL DIANTE DO CENTRO DE SAÚDE	Xoves, 28 de febreiro 16:00 ás 21:00 horas
---	--

Precisamos que se marque unha zona de aparcamento de 15 metros no lugar indicado, e pregamos confirmación do permiso por fax ou mail (promocion.ados@sergas.es) indicando o nome da persoa a contactar ao chegar a unidade móbil.

Agradecemos a súa constante colaboración, vital para tratar de acadar as 500 doazóns de sangue que precisamos cada día para axudar a centos de enfermos

Julio Flores Pérez
UF Promoción Doazón de Sangue